

25n
2 0 2 3


Día internacional da eliminación das violencias contra as mulleres



PROPOSTAS DIDÁCTICAS

para traballar nas aulas de Secundaria o 25N
(CO)EDUCANDO Á PAR QUE (DE)CONSTRUÍNDOLAS





Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: Tania Nóvoa Paz

Politóloga, comunicadora e doutoranda en *Estudos feministas e de xénero* pola Universidade do País Vasco (UPV-EHU)

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría..

Xustificación

As accións levadas a cabo polas persoas responsables en materia de igualdade nos últimos anos foron nefastas para o sistema educativo tradicional. De aí que durante moito tempo contásemos cun modelo de escola arcaico, hexemónico e totalmente obsoleto.

A posta en marcha destas prácticas cero inclusivas dentro do ensino derivou na falta de referentes femininos que avalasen ás mulleres. En palabras da filósofa e escritora italiana Luisa Muraro:

«Absolutamente todo o que aprendemos en Filosofía foron figuras masculinas. E no ámbito da arte, onde as quixeron como musas, porque as rexeitaron como artistas¹».

E tamén na constante loita de aprobación das ideas que parten do intelecto feminino, porque como di a teórica feminista contemporánea italo-australiana Rosi Braidotti:

«Tratamos de validar constantemente o noso coñecemento fronte ao imposto mediante o sistema patriarcal²».

Sabías que?

(Co)educando á par que (de)construíndo...


Coa creación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galiza (2016-2020) conseguiuase dar cabida, por primeira vez, dentro da comunidade educativa non universitaria, aos termos «educar» e «coeducar». Desta maneira, a coeducación configurouse como a principal clave para a ruptura do concepto de escola clásica, abrindo un novo horizonte:

«Educar é proporcionar unha formación integral que permita á infancia e á mocidade unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre ao mesmo tempo o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo³».

1 Muraro, L. (2010). La verdad de las Mujeres, en: DUODA, no. 38, especialmente p. 117-122.

2 Braidotti, R. (2004). Feminismo, diferencia sexual y subjetividad nómada, p.17.

3 Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galiza (2016-2020): https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/i_plan_de_actuaciones_para_la_igualdad_en_los_centros_educativos_de_galicia_2016-2020.pdf. P.3.



FONTE: Plan de Igualdade (2016-2020)

Cada 25N saímos ás rúas para anunciar os múltiples tipos de violencia machista que se exercen sobre as mulleres a nivel global e co fin de demandar as políticas de igualdade necesarias para a súa completa erradicación. A finalidade desta data está clara, é algo que non muda desde o seu inicio en 1981, porén, o cómputo de vítimas desta problemática social segue medrando a un ritmo exponencial. Poderíamos falar das tres mulleres dominicanas, contrarias á ditadura de Rafael Trujillo, coas que se lle deu nome a unha loita que xa estaba acesa, as irmás Mirabal, Patria, Minerva e María Teresa, coloquialmente alcumadas como «Las tres Mariposas».



25N



FONTE: elaboración propia

Tamén, de Ana Orantes, que rompeu o seu silencio ao denunciar publicamente ao seu maltratador, logrando que a súa voz atravesara as canles televisivas de todo o Estado español. Ou daquela parella formada por Maruxa e Coralía que a diario se deixaba ver polas rúas da cidade de Compostela, contrarrestando o medo que se respiraba nunha Galiza presa do réxime franquista.

Poderíamos proseguir con historias igual de notábeis e certamente conmovedoras, pero a maioría, por desgraza, desvanecéronse no tempo. O corpo estremécesenos ao escoitar a certos partidos políticos negar o innegable, o que ademais de evidenciar a falta de interese en rachar cun planeta cheo de inxustizas, tan só denota o doloroso da cuestión: pasar a ser un número. Un número ao que cada vez lle hai que engadir novas cifras. Desde



de que se iniciou o reconto o 1 de xaneiro de 2003, as mulleres vítimas mortais, segundo o documento facilitado polo Ministerio de Igualdade de España, ascenden a 1237, das cales unhas 52 se corresponden cos derradeiros once meses⁴. Durante o ano marcado pola pandemia derivada da Covid-19 o servizo telefónico de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero (016) chegou a recibir máis de 78.886 chamadas.

**Mulleres vítimas mortais
2013-2023:**

2013	🕒	54
2014	🕒	55
2015	🕒	60
2016	🕒	49
2017	🕒	50
2018	🕒	53
2019	🕒	56
2020	🕒	50
2021	🕒	49
2022	🕒	50
2023	🕒	52*

Total: 578

*Datos provisionais

Fonte: Ministerio de
Igualdade de España

⁴ Todo este compendio foi actualizado o 8 de novembro de 2023, polo que está suxeito a moitas variacións: <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasmortales/fichaMujeres/home.htm>.

Os feminicidios non só se exercen sobre o sexo feminino, tamén sobre a infancia. E todo isto vén recollido baixo o concepto que se coñece como violencia vicaria. Nas últimas catro primaveras, contabilizando a partir do 1 de xaneiro de 2013, foron asasinados en España un total de 49 infantes. Ademais, segundo os datos consultados neste portal, sábese que desde este mesmo día, o territorio español albergou a 428 menores de idade en situación de orfandade.

**Menores vítimas mortais
2013-2023:**

2013	🧑	6
2014	🧑	4
2015	🧑	7
2016	🧑	1
2017	🧑	8
2018	🧑	7
2019	🧑	3
2020	🧑	7
2021	🧑	7
2022	🧑	7
2023	🧑	1*

Total: 49

*Datos provisionais

Fonte: Ministerio de
Igualdade de España



Malia todo, o esquecemento esténdese sobre eles nunha sociedade cunha visión puramente adultocéntrica. Tampouco se pensa naqueles que conseguen salvarse arrastrando as carencias afectivas e os traumas psicolóxicos que condicionan o seu desenvolvemento e a súa socialización futura.

Retomando as figuras do principio e collendo como modelo un hospital para a infancia que colocou os animais favoritos dos seus pacientes como signo de identificación, poderíamos dicir que todas elas elixiron como animal espiritual unha bolboreta, esa que o filme «El silencio de los corderos» representa á perfección. Mais nal-

gunhas ocasións a ficción non dista moito do que vén sendo a realidade. E hai silencios similares ao de Ana Orantes que en canto se quebran se converten no eco das demais.

Metodoloxía

Nos inicios da corrente feminista, varias expertas declararon que os procesos de construción das identidades de xénero non se adquirían de forma hereditaria, senón tras unha longa aprendizaxe caracterizada pola imitación dos diferentes patróns referidos tanto no ámbito privado coma no público. Por esa razón, débese partir da premisa de que a formación das identidades futuras (entidades sometidas a unha dinámica que se constitúe en base a unhas condicións sociais concretas) ten que fundarse na súa separación dos valores culturais hexemónicos sobre a situación d@s suxeit@s sociais, para dar paso a unha (de)construción.



Indagando un pouco máis nos termos «pertenza» e «identidade», xa que comunmente se contempla ao recoñecemento como a principal vía pola cal un determinado individuo se identifica, sábese que a realidade é moi distinta cando o fin último deste radica na cousificación das identidades grupais. Por exemplo, a filósofa política e feminista estadounidense Nancy Fraser, quen rexeita as políticas de identidades colectivas, explica que en ocasións se incide nesa falsa sensación de pertenza a un grupo que se presenta como dominante e onde se están obviando as demais realidades existentes dos grupos minoritarios. Isto evidentemente é o que ocorrería no caso das masculinidades clásicas fronte á crenza errónea que manifestan ao sentirse superiores sobre as mulleres ou sobre quen mantén condutas pouco virís.

Unha das claves para aniquilar o sistema androcéntrico atoparíase na educación, tentando implementar medidas que exterminen uns malos tratos que van máis aló da esfera cultural, atopándose tamén na institucional.

Estas propostas didácticas, dirixidas ás aulas de Infantil, Primaria e Educación Secundaria, tomarán como punto de partida as actitudes dos distintos sexos fronte aos xogos. Estes artículanse de modo determinante na socialización primaria do individuo. Así o confirma Carol Gilligan, filósofa e psicóloga feminista, ao poñer de



manifesto que os entretementos infantís que se realizan con frecuencia en lugares públicos como os parques modelan os roles masculinos e femininos: «Os xogos dos nenos satisfán as esixencias do éxito empresarial e céntranse no respecto polas regras e a competitividade; os das nenas céntranse na sensibilidade e atención aos demais, e teñen lugar en grupos reducidos e espazos privados, o que favorece o desenvolvemento da empatía⁵». Igualmente, as nenas móstranse moito máis tolerantes a estas excepcións, regras e innovacións, pois, en opinión do sociólogo estadounidense George H. Mead⁶, xogan en grupos máis pequenos e por tanto máis íntimos onde poden desenvolver a súa empatía e sensibilidade.

A metodoloxía empregada ao longo destas páxinas será sobre todo de reaprendizaxe por parte do profesorado e do alumnado, que meditará en conxunto o elenco de actividades enunciadas a continuación. Estas mesmas foron pensadas desde unha óptica aberta e flexible, centrada no ensino dinámico e horizontal. A meta fundamental será a concienciación de cada discente mediante unha serie de propostas lúdicas nas que aprenda experimentando e conte coa oportunidade de compartir as súas propias experiencias.

Pódese concluír que a identidade dunha persoa varía dependendo do contexto socioeconómico, o momento histórico ou o lugar no que se desenvolve. Tamén, se confirma que o xénero é algo aprendido de forma inconsciente a través dos diferentes hábitos que se instauraron en cada sociedade e, por tanto, débese de loitar por desaprender o adquirido, é dicir, as bases nas que sustenta o patriarcado e todo o relacionado con el. Tentando incluír na rutina diaria da xente, mecanismos que aseguren o correcto funcionamento dun feminismo disposto a romper coas bases dun sistema corrupto e de tódolos privilexios que xiran ao seu redor. Para así, poder por fin, fuxir de calquera estereotipo de xénero ou estigma social que o único que conseguen é convencer de que unha cultura e uns xenitais son mellores fronte aos demais. Explicao moi ben Luisa Muraro no seu texto de «La verdad de las mujeres», no que declara que a historia do sexo feminino se caracterizou por asimilar- e a partir do «autocentrarse masculino»-, o concepto de «máis alteridade».

O camiño é longo, pero continuamos na (de)construción.

5 Gilligan, C. (1994). La moral y la teoría. Psicología del desarrollo femenino. México: Fondo de cultura económica.

6 Mead, G. (1982). Espíritu, persona y sociedad: desde el punto de vista del conductismo social, Paidós, Barcelona.

Obxectivos xerais

- ▷ Visualizar o estudo en materia de igualdade como un epicentro que debe estar en vangarda e á súa vez como a cura dun sistema educativo enfermo no que goberna un só sexo.
- ▷ Recorrer á formulación de prácticas novidosas que repercutan proveitosamente na persoa que estuda sen dar pé a calidades específicas dependendo do sexo.
- ▷ Persistir nesta (de)construción, recollendo as premisas que subliña o feminismo da igualdade e o da diferenza.
- ▷ Avanzar cara á eliminación das xerarquías dominantes entre as relacións para convertelas en algo totalmente simétrico e incidindo, sobre todo, na importancia do recoñecemento do labor que se realiza na esfera privada.
- ▷ Utilizar a educación como unha ferramenta decisiva para o traspaso de contidos que resulten favorables para as figuras femininas e masculinas, pois será grazas a estes polos que un determinado individuo se identifique dando lugar ás identidades de xénero.
- ▷ Reivindicar unha das cuestións máis latentes actualmente, que non é outra que a xa anunciada por diversas teóricas, especialmente por Carol Gilligan, quen recalca o valor da teoría dos coidados.
- ▷ Desmitificar algunhas das moitas crenzas nas que se sustenta a violencia machista e o amor romántico.
- ▷ Achegar ao alumnado unha literatura responsable baseándose en voces representativas que perforen a gran pantalla e se aproximen aos sofás adolescentes de toda a comunidade galega.
- ▷ Incidir nas causas e nas consecuencias que exerce sobre a poboación a violencia vicaria.
- ▷ Promover dentro das aulas os conceptos de «educación» e «coeducación», acaando un punto de harmonía.

Actividades

Actividade 1. SECUNDARIA EN NEGRO



Descrición

Comezarase visualizando dúas pezas audiovisuais. A intención destas proxeccións será primeiramente a de sensibilizar ao alumnado botando man dunha campaña social e de denuncia pública levada a cabo no concello de Santiago no ano 2015 contra a violencia de xénero. Trala presentación, todo o grupo se apropiará do lema *Secundaria en negro* e, nun círculo que elimine as xerarquías, responderá as seguintes preguntas:

<https://praza.gal/movementos-sociais/videos-contr-a-violencia-machista>

- ▷ Que sabedes do sistema patriarcal?
- ▷ Explicade coas vosas palabras os conceptos «machismo» e «feminismo». Son palabras contrarias? Comenta coa clase, e evitade o uso do dicionario.
- ▷ Pode haber mulleres machistas? E homes feministas?
- ▷ Cales serían, segundo o voso criterio, as causas da violencia contra as mulleres?

Obxectivos

- ▷ Achegar iniciativas en materia de prevención e detención da violencia machista como as que se levaron a cabo na cidade de Santiago de Compostela durante o ano 2015.
- ▷ Convidar a pensar e debater na aula sobre esta campaña denominada «Compostela en negro», para despois deixar espazo a que se compartan inquedanzas e dúbidas.
- ▷ Intentar que os conceptos máis relevantes dentro desta problemática sexan coñecidos e formen parte da cotiandade da clase.
- ▷ Lograr que absolutamente todas as persoas presentes se refuxien baixo o paraugas dunha «Secundaria en negro».

Recursos materiais

- ▷ Proxector.
- ▷ Follas en branco.
- ▷ Bolígrafos e/ou rotuladores.

Actividade 2. O 25 DE NOVIEMBRO EN NEGRO



Descrición

É unha data clave, mais por que? Tratarase de ofrecer dentro da aula un marco teórico no que se contextualice o día 25N a nivel internacional e nacional. Porén, comezase narrando a orixe deste día tan sinalado por todas as organizacións feministas, desde a loita das irmás Mirabal. A continuación, falarase do que a poboación galega tivo que vivir na súa propia pel; mencionando a historia da parella formada por Maruxa e Coralía que a diario se deixaba ver polas rúas da cidade de Compostela, contrarrestando o medo que se respiraba nunha Galicia presa do réxime franquista. Por último, incluírase a repercusión que xerou a historia de Ana Orantes, que rompeu o seu silencio ao denunciar publicamente ao seu maltratador, logrando que a súa voz atravesara as canles televisivas de todo o Estado español.

<https://www.youtube.com/watch?v=FVP46dpsqfk>

(Ana Orantes: a «Crónica dunha morte anunciada»).

Obxectivos

- ▷ Reflexionar co alumnado os diferentes contextos sociais e económicos que se poden dar dependendo do teu lugar de orixe e/ou residencia.
- ▷ Conectar o alumnado a través do achegamento de realidades veciñas que puideran ter un impacto na historia.
- ▷ Presentar un suceso, como foi o de Ana Orantes dentro do territorio español, no que se recolla a conmoción que suscitou na sociedade daquela época e todas as modificacións que implicou este mesmo a nivel lexislativo.

Recursos materiais

- ▷ Follas en branco.
- ▷ Bolígrafos e/ou rotuladores.

ACTIVIDADE 3. A MÚSICA EN NEGRO: READAPTACIÓN MUSICAL

Descrición

Con esta actividade preténdese que o alumnado chegue a reflexionar sobre aquela música na que claramente non había unha perspectiva feminista. Despois de facelo, o seguinte paso será que modifique as letras de cancións coñecidas que interiorizou de maneira espontánea.

Toda a clase asistirá á reprodución dun tema infantil claramente machista, froito dos anos 70, como é o de «Los días de la semana», escrito por Miliki⁷. Despois de lelo e cantalo, nun folio no que se atoparán cunha silueta en negro, analizarán o contido tratando de entender a ausencia dun enfoque en clave feminista. En contraposición, terán á man outro exemplo distinto de canción no que as cantantes Rigoberta Bandini e Amaia Romero readaptaron a canción anteriormente mencionada: «Así bailaba». O alumnado recollerá de novo os papeis desta última, pero esta vez, «colocando as gafas violetas», verá que dita figura, previamente escura, cambia completamente de cor e de posición.

Os días da semana, Miliki.

Luns antes de xantar,
unha nena foi xogar
pero non puido xogar
porque tiña que pasar o ferro.
Así pasaba o ferro, así, así
así pasaba o ferro, así, así
así pasaba o ferro, así, así
así pasaba o ferro que eu xa a vin.

Martes antes de xantar
unha nena foi xogar
pero non puido xogar
porque tiña que coser.
Así cosía, así, así
Así cosía, así, así
Así cosía, así, así
Así cosía que eu xa a vin.

Mércores antes de xantar
unha nena foi xogar
pero non puido xogar
porque tiña que varrer
así varría, así, así
así varría, así, así
así varría, así, así
así varría que eu xa a vin

Xoves antes de xantar
unha nena foi xogar
pero non puido xogar
porque tiña que cocinar



Así cocinaba, así, así
así cocinaba, así, así
así cocinaba, así, así
así cocinaba que eu xa a vin.

Venres antes de xantar
unha nena foi xogar
pero non puido xogar
porque tiña que lavar.
Así lavaba así, así
así lavaba así, así
así lavaba así, así
así lavaba que eu xa a vin.

Sábado antes de xantar
unha nena foi xogar
pero non puido xogar
porque tiña que tender.
Así tendía, así, así
así tendía, así, así
así tendía, así, así
así tendía que eu xa a vin.

Domingo antes de xantar
Unha nena foi xogar
Pero non puido xogar
Porque tiña que pasear
Así paseaba, así, así
Así paseaba, así, así
Así paseaba, así, así
Así paseaba que eu xa a vin.

FONTE: elaboración propia

7 Recurso en liña: <https://sentiido.com/asi-planchaba-asi-asi/>.

Así bailaba. De Rigoberta Bandini e Amaia Romero

Amaia díxome que un día estaba bastante perdida
e eu díxenlle: iso nunca se pasa.
pasoume o seu sigle por WhatsApp
hoxe Paula díxome que un día
tamén se sentiu incomprendida
despois estivemos de guasa
bailando twerk na terraza
E é que parece mentira
que a todos nos custe a vida
pero de repente hai un día
que gritas: foder, que alegría!
Amencemos contentas
e xa nos dá igual o que pensas
imos subir o volume
e xa non nos vedes ata o
Luns antes de xantar
unha nena foi lavar
pero non puido lavar porque tiña que bailar
Así bailaba, así, así
así bailaba, así, así
así bailaba, así, así
así bailaba que eu xa a vin
E logo Adri díxome que para o twerk
a clave, segundo ela, era
pon as mans así, entón con cadeira a cadeira
e cun pouco de
Como, con, sacando un pouquiño o cu, non?
Ala, é verdade, eh?
A espaldíña recta
Ei, ei, turra



tomamos uns viños
díxenlle canto a admiro
e ao rematar comprendín
que é que todo é tan relativo
Amencemos contentas
e xa nos dá igual o que pensas
imos subir o volume
e xa non nos vedes ata o
Martes antes de xantar
unha nena foi lavar
pero non puido lavar
porque tiña que bailar
Así bailaba, así, así
así bailaba, así, así
así bailaba, así, así
así bailaba que eu xa a vin
Estamos contemplando o mundo
voando desde unha avioneta
as cousas vense tan pequenas
se che falo del xa nin te acordas!
Ás veces observo a miña vida
e aínda non sei se é drama ou comedia
a nena hoxe non pode lavar
porque é que ten que bailar
Así bailaba, así, así
así bailaba, así, así
así bailaba, así, así
así bailaba que eu xa a vin.

FONTE: elaboración propia

A música debería ser pois unha disciplina urxente nos programas de formación básica obrigatoria, xustamente por todas as virtudes que fan desta un experimento peculiar, único e insubstituíble para a existencia humana. As razóns fundamentais que nos levan a manter esta postura, no momento actual e por orde de prioridades serían, segundo a opinión da investigadora e pedagoga musical arxentina Violeta Hemsy de Gainza, as seguintes⁸:

- ▷ A música é un dereito humano (argumento ético)
- ▷ A música é unha invención transcendente, unha linguaxe universal (argumento científico e cultural).
- ▷ A música é unha ferramenta privilexiada de intervención social (argumento pragmático: de necesidade e aplicación social).

Neste contexto o escritor e profesor de música español Julio Llamas parte de dous dos efectos que a música produce nas persoas: «Educar os sentimentos e socializar e integrar como puntos de partida na educación dos valores que fo-

8 Hemsy, V. (2003). La educación musical entre dos siglos: Del modelo metodológico a los nuevos paradigmas. P.12. Bos Aires, AR: Universidade de San Andrés.

menten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero⁹». O devandito autor sinala que «se está socializando mal á infancia e a mocidade para poder superar o sexismo». Dito isto, conclúe que é necesario ofrecer a todo o alumnado unha formación en valores, que se pode e se debe tamén propiciar desde a educación musical.

Para finalizar, o alumnado colocárase en corro para compartir o que aprendeu con este exercicio, escollendo e bailando outra canción de corte feminista mentres canta a letra. Deixarase liberdade para realizar outra alteración no caso de que se queira probar a recompoñela.

Obxectivos

- ▷ Introducir á mocidade nunha linguaxe inclusiva a través da arte musical, fomentando á súa vez as capacidades de autocrítica.
- ▷ Contribuír á introspección e á expresión artística de cada individuo, facendo que metabolice a información proporcionada dunha maneira activa e divertida.
- ▷ Animar á xente nova a xerar cambios axiomáticos na cultura, inseríndose nela e adaptándoa ao panorama actual.
- ▷ Concienciar dos beneficios que achega a escritura a nivel terapéutico, pero sobre todo a vontade de reescribir como método catártico daquilo que nos disocia do noso mundo interior.

Recursos materiais

- ▷ Follas en branco.
- ▷ Rotuladores.
- ▷ Temas preparados nunha lista de reprodución.
- ▷ Letras das cancións impresas.
- ▷ Gafas lilas.

9 Llamas, J. (2005). *La violencia contra las mujeres en las canciones populares: propuesta didáctica para tercer ciclo de educación primaria*. P.112. Recurso en liña: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1148376>.

Actividade 4. CONSTRUCCIÓN DUN CONTO

Descrición

Falaremos sobre certas nocións que son importantes para o noso propio autocoidado e que moitas veces veñen determinados por causas externas. Como poderían ser estas sete: autoestima, sororidade, empoderamento, empatía, intelixencia emocional e validación externa e propia das nosas emocións e sentimentos.

Sororidade

É apoiarnos e axudarnos entre mulleres. Podemos organizar unha asociación de mulleres e estar moi pendentes. Ou tamén respaldarnos en traballos comunitarios.

Ser sororas se algunha muller ten algún problema económico ou de saúde. En definitiva, tratar de que a nosa compañeira saia adiante.



Empoderamento

O empoderamento, para min, prodúcese cando nos sentimos capaces de conseguir as nosas metas e obxectivos. Todo aquilo que nos propoñemos no momento en que nos sentimos útiles e capaces de axudarnos e axudar ás demais mulleres. Implica colaborar mutuamente, dándonos o soporte e, sobre todo, sendo unha man amiga. Creando deste xeito unha rede de apoio.



FONTE: imaxe de autoría propia a partir dunha secuencia de talleres de coidado comunitario, destinada ás usuarias do espazo de Arteterapia da Federación de Mulleres de Sucumbíos (Ecuador).

As persoas constantemente estamos a recibir unha serie de estímulos e unha cantidade de información que a miúdo nos satura e nos desborda. Por iso é importante ser consciente de que tanto a nosa autoestima como a ligazón co noso corpo veñen frecuentemente determinadas por factores alleos á nosa persoa. Isto permitíranos liberarnos de parte da culpa coa que cargamos.

Logo, por equipos, farase un resumo sobre a definición, ideas e suxestións que se foron recollendo de cada un destes termos coa pretensión de crear así un pequeno conto terapéutico ao que poidan acceder sempre que queiran. Todo isto inspirárase na obra da psicóloga arxentina Mónica Bruder titulada: *El cuento y los afectos: los afectos no son cuento*¹⁰.

¹⁰ Recurso en liña: https://books.google.com/cu/books?id=T_nB-sqNpzYC&printsec=copyright#v=onepage&q&f=false.

A sororidade vence a escuridade

Perla era unha nena feliz coa súa familia, pero por conceptos e palabras ferintes por parte das súas compañeiras de colexio e da súa docente, perdeu a súa autoestima e sentía medo por todo.

Un día atopouse con unha nena que vivía a súa situación. Chegaron a ter unha boa empatía e entre as dúas apoiáronse e prometéronse que nunca deixarían que os comentarios dos demais lles afectaran. Empoderáronse xuntas chegando a crear unha rede de apoio cada vez máis grande para axudar a outras persoas que puidesen estar pasando polo mesmo e conseguir ser todo un exemplo. Tamén se prometeron que non volverían vivir unha situación similar. «Debemos ser sororas coas persoas cando nos necesiten», dixeron as nenas.

Así, cada día das súas respectivas vidas, empeñáronse en traballar en cada unha destas cuestións; tratando de ser mellores persoas e recordando que a intelixencia emocional axuda a ter unha boa calidade de vida.

FONTE: imaxe de autoría propia a partir dunha secuencia de talleres de coidado comunitario, destinada ás usuarias do espazo de Arteterapia da Federación de Mulleres de Sucumbíos (Ecuador).

Obxectivos

- ▷ Perseguir o bo trato, inculcando tanto nas xeracións vindeiras como as vixentes o relevante que é para o noso desenvolvemento a esixencia dunha práctica consciente e respectuosa da teoría dos coidados e dos afectos.
- ▷ Impulsar dentro do ensino a transcendencia de colectivizar o coidado e como este se debería de traballar en completa sintonía co persoal.

Recursos materiais

- ▷ Follas en branco.
- ▷ Rotuladores.
- ▷ Música de ambiente.

Actividade 5. CÍRCULO DE ENERXÍAS SANADORAS E SORORAS

Descrición

A seguinte tarefa levará o nome de círculo de retroalimentación en afirmativo. Toda a aula, agarrada da man, e explicando en que consiste o empoderamento e a sororidade, dirá de maneira individual á persoa da esquerda unha cousa que lle guste dela. Pode ser sobre algo que leve posto, algún dos seus trazos físicos ou inclusive do seu propio carácter.

Para rematar, mencionárase a regra dos cinco minutos. Esa na que ninguén debería facer un comentario relativo ao aspecto dunha persoa que esta non poida alterar nese curto período de tempo.

Obxectivos

- ▷ Ofrecer pensamentos positivos para toda a comunidade estudiantil cos que poida afianzar a intelixencia emocional nos apegos que conforman entre si.
- ▷ Construír vínculos equilibrados, baseados na tolerancia mútua e na atención paciente e comprensiva cara os demais.
- ▷ Fixar técnicas que marquen límites apropiados nas unións interpersoais nas que cada membro esixa un amor san na súa totalidade.

Recursos materiais

- ▷ Música de ambiente.

Bibliografía usada

- ACOSTA, A. e AMAVISCA, L. (2020). *Vivan as uñas de cores! Egalite*.
- BRAIDOTTI, R. (2004). *Feminismo, diferencia sexual y subjetividad nómada*. Gedisa editorial.
- BRUDER, M. (2000). *El cuento y los afectos: los afectos no son cuento*. Galerna. Recurso en liña: https://books.google.com.cu/books?id=T_nBsQNPzYC&printsec=copyright#v=onepage&q&f=false.
- FITTI, P. (2019). *El niño que no quería ser azul, la niña que no quería ser rosa*. Planeta.
- GILLIGAN, C. (1994). *La moral y la teoría. Psicología del desarrollo femenino*. México: Fondo de cultura económica.
- HEMSY, V. (2003). *La educación musical entre dos siglos: del modelo metodológico a los nuevos paradigmas*. Bos Aires, AR: Universidade de San Andrés.
- LLAMAS, J. (2005). *La violencia contra las mujeres en las canciones populares: propuesta didáctica para tercer ciclo de educación primaria*. Recurso en liña: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1148376>
- MEAD, G. (1982). *Espíritu, persona y sociedad: desde el punto de vista del conductismo social*, Paidós, Barcelona.
- MURARO, L. (2010). *La verdad de las Mujeres*. Duoda, núm. 38.
- TURÍN, A. (1976). *Arturo y Clementina*. Lumen.

Outras consultas

- Delegación do goberno contra a violencia de xénero: <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>
- Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galiza (2016-2020): https://libreria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/i_plan_de_actuaciones_para_la_igualdad_en_los_centros_educativos_de_galicia_2016-2020.pdf.

Vídeos

- Convidados de Pedra*. (2015).
Dispoñíbel en: <https://praza.gal/movimentos-sociais/videos-contra-a-violencia-machista>
- 25N en Compos*. (2015).
Dispoñíbel en: <https://praza.gal/movimentos-sociais/videos-contra-a-violencia-machista>
- Ana Orantes: a «Crónica dunha morte anunciada»*. (2023).
Dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=FVP46dpsqfk>

Maleta de recomendacións

LITERATURA

CID, C. e Álvarez, S. (2020). *O misterio do sorriso de Lucas*. Triqueta verde.

G. de la CUEVA, C. (2016). *Mamá, quiero ser feminista*. Lumen.

G. MARÍN, J. (2018). *Novas masculinidades*. Através.

GAUDES, B e MACÍAS, P. (2015). *Érase dos veces la bella y la bestia*. Cuatro tuercas. S.L.

MARROQUÍ, M. (2018). *Esto no es amor*. Destino.

OLIVEIRA, C e RETAMOZO, P. (2021). *Comando Igualdade. A mocidade facendo a revolución feminista nas aulas!*. Catro ventos.

QUINTELA, A. (2021). *Na busca de Antón*. Alvarelllos.

SEOANE, A e SANMARTÍN, M. (2019). *As mulheres que amavam os videojogos*. Através.

MÚSICA

María la Curandera, de Natalia Lafourcade. 2022.

Matriarcas, de Guadi Galego. 2014.

Respira, de Natalia Doco. 2017.

